



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN “ERGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS. PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar coa asociación “Érguete” o instrumento convencional arriba referido con vixencia dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto, o desenvolvemento por parte da Asociación Érguete de Vigo, de programas de incorporación social de trastornos adictivos, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa de xestión do programa obxecto do Convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

No obxectivo de ofrecer asesoramento xurídico e orientación a todos os/as usuarios/as en busca de alternativas á prisión en aqueles casos nos que exista condena xudicial. Deste modo, acádase unha maior efectividade nos tratamentos e ao mesmo tempo, redúcense simultaneamente os delitos. Como complemento a estas actuacións tamén asesórase en materia administrativa, civil, laboral, etc., e calquera outra na que os/as usuarios/as do centro podan



ter dúbidas. Así mesmo, as súas familias vense favorecidas por este programa ao estar directamente afectadas pola problemática xudicial.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

